

NOTA TÉCNICA 2020 SOBRE O IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS.

O Real Decreto-Lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras medidas de carácter económico estableceu para os exercicios 2015 e 2016 as retencións a aplicar. A Axencia Tributaria ven de confirmar as seguintes porcentaxes para 2020.

ESTABLECE para o ano **2020** as seguintes Retencións e Ingresos a conta do IRPF:

CLASE DE RENTA	PROCEDENCIA	TIPO APLICABLE PARA O 2020
ACTIVIDADES PROFESIONAIS	Con carácter xeral	15%
ACTIVIDADES PROFESIONAIS	Profesionais de novo inicio (no ano de inicio e nos dous seguintes)	7%
TRABALLO	Premios literarios, artísticos ou científicos non exentos	15%
TRABALLO	Cursos, conferencias, seminarios (art. 80,1,4º RIRPF e 101,3 LIRPF)	15%
TRABALLO	Elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas	15%
TRABALLO	Réxime fiscal especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español (art. 93,2f LIRPF)	24%*
GANANCIAS PATRIMONIAIS	Premios de xogos, concursos, rifas, ... suxeitos a retención (<i>unicamente para importes superiores a 300€</i>)	19%
CAPITAL MOBILIARIO	Derivados da participación en fondos propios de entidades (art. 25,1 e 101,4 LIRPF, e 90 RIRPF)	19%
CAPITAL MOBILIARIO	Dereitos sobre propiedade industrial e intelectual e prestación de asistencia técnica	19%
CAPITAL MOBILIARIO	Dereitos sobre propiedade intelectual cando o contribuínte non sexa o autor	15%
CAPITAL INMOBILIARIO	arrendamento de bens inmobles urbano	19%

**Cando as retribucións satisfeitas por un mesmo pagador de rendementos do traballo durante o ano natural excedan de 600.000,00€ a porcentaxe de retención aplicable ao exceso será do 45%.*

Para o persoal con vinculación laboral ou funcionarial coa Universidade de Vigo, en relación as rentas do traballo reflexadas no cadro, aplicarase a retención que lle corresponda segundo a nómina establecida, e de ser inferior, os porcentaxes arriba reflectidos.

Asinado dixitalmente pola xerenta Raquel María Souto García, en Vigo a 28 de xaneiro de 2020.